

O RÉXIME DE PRIMO DE RIVERA

EN VIGO E NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA: DA ESPERANZA Á DESILUSIÓN

Manuel Veiga

Se os estudos de historia política non son de por si xa moi abundantes en Galicia –coa excepción quizais dos que atinxen ao galeguismo ou á II República–, o baleiro é aínda maior se nos referimos ao período de Primo de Rivera. X. R. Barreiro Fernández, por exemplo, sinala: “O sistema dictatorial segue a ser un campo de investigación inédito, a pesar do intento de proxectar varias investigacións sobre este, que lamentablemente sempre foron frustradas”¹. Con palabras moi semellantes se expresa Miguel Cabo ao referirse ao réxime existente de 1923 a 1930, do que di que “segue sendo pouco menos que *terra incógnita* para a historiografía galega”².

Este desinterese historiográfico non parece aínda así obedecer a razóns demasiado lóxicas, pois, se unha das metas declaradas do xeneral Primo de Rivera é poñer fin ao caciquismo e á corrupción que devastaban o sistema da Restauración na súa derradeira etapa, cabe lembrar que Galicia é precisamente un dos territorios onde o caciquismo está máis enraizado e polo tanto debería ser este un dos lugares onde, cando menos en teoría, o cambio de sistema provocase maiores mudanzas

políticas. Ademais do caciquismo, Galicia –fortemente agrícola– está marcada polo problema dos foros. Os efectos da mortaldade da guerra de África déixanse sentir tamén con gran forza, toda vez que o baixo nivel económico medio da poboación lle impide á maioría dos mozos pagaren a cota que os exime do cumprimento do servizo militar.

A situación polo demais estaba tan viciada coma no resto do Estado e esa é a razón de que non conste a existencia de demasiadas disidencias, nin no corpo militar, nin entre a poboación, á hora de aceptar o golpe. Non é, pola contra, difícil encontrar mostras de felicitación aos novos rectores e nelas coinciden, con maior ou menor énfase, desde líderes agraristas até o arcebispo de Santiago. Todos se expresan con palabras gabanciosas e esperanzadoras. As suspicacias só poden vir dalgún membro do minoritario nacionalismo que non se fía dunha solución que proveña dos militares e sobre todo dos vellos caciques que albiscan a chegada de malos tempos. Aínda así, entre os nacionalistas sobrancea a sensación de que os dereitos das rexións históricas van ser recoñecidos (ba-

seándose para iso nas promesas de Primo á Mancomunidade catalana), ao tempo que o veterano caciquismo agarda poder darlle a volta á tortilla unha vez que as augas acouguen.

Sen querer adiantar conclusións, pode dicirse que ningún destes dous sectores acertou nos seus agoiros posto que a ditadura supuxo unha ruptura política incontestábel, pero, de ter acertado algún, hai que afirmar sen dúbida que a realidade estivo máis de parte dos vellos caciques que dos nacionalistas: ningún dereito rexional se viu recoñecido, ben ás avesas o forte poder que lles outorgou Primo aos gobernadores civís foi un elemento que xogou a favor da centralización do réxime e, de feito, a frustración entre os galeguistas que ocupaban algunha praza nos concellos ou nas deputacións xurdiu deseguida, en canto que, polo contrario, caciques houbo que emerxeron de novo, tan axiña como lles foi posíbel, a maiores de que as boas familias da Restauración, polo menos algunhas das vencelladas ao sector industrial, nunca deixaron de exercer a súa influencia sobre o poder; podería dicirse en todo caso que entre 1923 e 1930 o exerceron máis directamente.

O PROBLEMA AGRARIO, NACIONALISMO E UNIÓN PATRIÓTICA

A ditadura de Primo de Rivera será vista por moitos labregos galegos de maneira positiva, tanto pola mellora das vías de comunicación, que ía permitir a exportación por exemplo de carne de vacún, coma pola resolución do problema foral, eixe das reivindicacións do poderoso movemento agrarista de principios de século. Os ánimos estaban a este respecto moi exaltados, como denotan os comunicados e os conflitos da época, toda vez que as Cortes da Restauración, dominadas polos terratenentes, non fixeran até ese momento máis esforzo que o de postergar a resolución do problema. A petición da maioría dos concellos galegos foi reiteradamente desoída, por iso o decreto de redención foral de 1926, que converte por fin os agricultores en propietarios das súas terras, fai do ditador unha figura estimada.

Primo de Rivera encargárase ademais de fomentar as sociedades agrarias, sobre todo as de signo católico, asesoradas por especialistas que facilitarían a introdución no campo de abonos químicos e dunha elemental mecanización. Procurárase ademais unha certa especialización gandeira coa apertura

de dous matadoiros, aínda que só un deles chegará a inaugurarse en 1928, xusto antes da gran crise económica que dará ao traste coas exportacións previstas. O éxito de Primo é relativo se se ten en conta que non se resolven os problemas de financiamento para a compra de maquinaria, que o proteccionismo dificulta a importación de abonos e que non se atalla o problema da excesiva parcelación da terra, pero cábelles o mérito de ser o primeiro político que traballa na dirección apropiada³. A entrega da maior parte do agrarismo á ditadura provocará que unha das grandes obsesións do incipiente movemento nacionalista –esta é: a de facerse cunha ampla base social no campo– quede truncada. O principal ideólogo do galeguismo, Vicente Risco, expresárase con claridade: “O Directorio militar apoiouse en Galiza nos elementos de oposición, entre os que os máis importantes eran os agrarios, sobre todo na terrible época dos delegados gubernativos. Deste xeito moitísimos concellos rurais foron entregados aos agrarios, e estes, ao atoparse no poder ou con posibilidades de acadalo, pasáronse con armas e bagaxes ao Directorio. E os máis ingresaron na Unión Patriótica. Na súa primeira viaxe por Galiza, Primo de Rivera desfilou por entre a entusiasta homenaxe de miles de bandeiras agrarias, a meirande parte das cales eran bandeiras vermellas...”. Risco non xulgaba tampouco que o problema dos foros tivese quedado ben resolto: “houbo que pagar atrasos, houbo que seguir pagando, houbo que redimir a prezos moito máis altos que os que rexían denantes da Dictadura. E os agrarios prestaron a isto a súa conformidade”⁴.

Con todo, a Unión Patriótica non chegou a converterse nunha forza de peso en Galicia. Se no resto do Estado español, a UP nunca foi quen de representar o papel de espiña dorsal civil do sistema militar, como pretendía o réxime, en Galicia parece que o seu fracaso foi aínda maior. Segundo Xosé Ramón Barreiro, a Unión Patriótica tivo entre nós “unha vida moi efémera e nada espectacular. Lendo atentamente o boletín quincenal, órgano da oficina central, titulado Unión Patriótica, pódese observar que a penas se destacan as actividades desta agrupación en Galicia. Só con ocasión da visita dos reis ou do dictador aparece destacada a participación da Unión Patriótica de Galicia, que se volve sumir no silencio durante meses”⁵.

Esta febleza relativa non lle impide á UP irse instalando nas deputacións, ao tempo que o proxecto de Mancomunidade (unha sorte de proto-

autonomía) se afasta. O Estatuto provincial do 21 de marzo de 1925 bota por terra definitivamente esta última posibilidade, de modo que os galeguistas que nalgúns casos entraran a participar nas institucións da Ditadura, caso do mencionado Vicente Risco, que forma parte da primeira deputación primorriverista de Ourense, ou Lousada Diéguez, que fora nomeado vicepresidente da Deputación de Pontevedra, séntense completamente desilusionados e volven á oposición. A censura induce, por outra parte, os portavoces desta corrente a circunscribirse a unha liña culturista⁶.

CAMBIO DE RÉXIME NA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

A crise do sistema da Restauración tivera na Deputación pontevedresa un reflexo semellante ao do resto. As mesmas tendencias permanecían ano tras ano nos mesmos distritos, destacando así a “aparente estabilidade en contraste coa imaxe de fragilidade que dá o sistema a nivel xeral”⁷. Entre 1902 e 1923 a renovación dos deputados provinciais é moi escasa e “soamente ao final do período, nas dúas renovacións de 1921 e 1923, se observa maior circulación de representantes”⁸. Este feble movemento electoral corre parello á ausencia practicamente total de loitas e protestas, o que indica que “o pacto funcionaba á perfección”⁹. Esta paz política págase coa apatía xeral e o desinterese polas eleccións provinciais. Os xornais apenas mencionan estes procesos. As eleccións convértese, polo menos a este nivel, en asunto de poucos. A complexidade formal do nomeamento e elección de candidatos vese acentuada polo cambio de etiquetas políticas, despois das diversas escisións, aínda que as persoas escollidas seguen a ser as mesmas¹⁰.

Coa chegada de Primo de Rivera queda disolta a corporación provincial e será o gobernador civil o encargado de nomear os novos deputados interinos, que deberán ter algún título profesional, formar parte do grupo dos maiores contribuíntes ou desempeñar cargos directivos en agrupacións industriais, profesionais ou culturais. A Corporación resultante caracterízase por unha brusca ruptura coa representación habitual da época anterior¹¹. En virtude do Estatuto provincial de 1925, á Deputación de Pontevedra sonlle asignados sete deputados directos, cifra intermedia entre os cinco de Álava e os nove de Madrid ou Barcelona. Con todo, e como influencia lóxica do corpo-

rativismo dominante, destaca “a presenza dun tipo de deputado eleito por un sistema indirecto”¹². O cadro de novos representantes mantén unha grande estabilidade ao longo da Ditadura, non sendo en casos excepcionais como o xa referenciado de Lousada Diéguez, e nunca máis volven aparecer os nomes tan coñecidos da Restauración, con algunha salvidade illada como é o caso do conserveiro Massó, que representa intereses económicos e políticos familiares tradicionais na provincia.

Coa excepción de Massó, cuxa representatividade viña como dicimos de vello, a composición da Deputación de Pontevedra durante a Ditadura non corrobora a tese de Gómez Navarro, quen apunta que baixo o réxime de Primo “ascenderon ao poder político provincial dous novos sectores que non formaban parte anteriormente da elite política: os procedentes do catolicismo social e políticos e aqueles vencellados a grupos económicos provinciais de carácter industrial ou agrario”, ambos sectores relacionados “coas novas clases ascendentes, fillas do desenvolvemento dos primeiros vinte anos do século”¹³. Segundo o estudo de Taboada Moure non existe correlación “entre as novas forzas ascendentes a nivel económico e a teoricamente desexada representación política. Após dunha detallada análise dos membros das sociedades industriais e mercantís da provincia apenas se poden encontrar algunhas conexións illadas (Guisasola Vigil, Yáñez Llorente, Laforet)”¹⁴. Este mesmo autor apunta a hipótese de que se cadra as causas do “retraemento dos elementos sobranceiros no campo político e económico hai que procuralas na consideración da Ditadura como fenómeno temporal, co que non habería interese en comprometerse, e, por outra parte, en que os poderes económicos, ante a conxuntura favorábel e asegurada a súa representación pola vía corporativa, non se preocupaban da organización política”¹⁵.

IMPLANTACIÓN DA DITADURA NOS CONCELLOS DA PROVINCIA

O 1 de outubro de 1923 a Gaceta publica o decreto de disolución dos concellos. Os concelleiros son substituídos polos seus vogais asociados. Esta situación provisoria vese modificada na derradeira semana de xaneiro e a primeira de febreiro do ano seguinte, cando o delegado gubernativo, seguindo directrices xerais, dá orde de substituír os vogais asociados, considerados herdanza do réxime ante-

rior, por novos corporativos. O 26 de xaneiro son nomeados os novos concelleiros de Tui e de Ponteareas. O periódico conservador *La Integridad* opina sobre o cambio acaecido no primeiro dos concellos mencionados, que deixou a opinión pública “un tanto decepcionada”. Outro periódico, *El Pueblo Gallego*, responde a este comentario defendendo os agrarios e sinala que o enfado de *La Integridad* se debe á entrada de concelleiros dese ideario na corporación¹⁶.

Non hai dúbida a respecto da importancia do cambio político nas vilas, se sen ten en conta o carácter maioritariamente rural do país. Así o fai ver o 31 de xaneiro un comentarista de *El Pueblo Gallego*, con algunha discutíbel engádegas: “Galicia é fundamentalmente agraria. As cidades comparadas co campo son raquíticas espullas. A riqueza nace do arado e pérdese na inmoralidade das covachas urbanas”. Neste mesmo artigo e noutros posteriores déixase ver a incredulidade existente entre a poboación no tocante á profundidade da ruptura co caciquismo. “Desde que o Directorio militar basculou a insoportábel organización política –di o xornalista–, nin un só labrador se achegou a nós que non nos preguntase con reprimida ansiedade ¿volverán?”. A crónica do correspondente na Garda deixa ver tamén o ambiente que se respira: “Xa cando coidabamos que non se daría ao traste cos vellos moldes caciquís, posto que así o pregoaban os eternos mangoneadores, fomos sorprendidos pola chegada do señor delegado gubernativo”. Unha vez nomeada por este a nova corporación que, á súa vez, elixe alcalde a Manuel Álvarez, o mesmo correspondente sinala: “O caciquismo local pode escribir na historia a derrota máis espantosa e merecida que dar se poida”.

A loita contra o caciquismo e as dúbidas sobre o seu éxito están presentes na maioría de actos de designación das novas corporacións. En moitos casos é o propio delegado gubernativo o que se manifesta neste sentido. En Nigrán, por exemplo, o delegado, Gil de Arévalo, diríxese ao público e anima a que cando se verifiquen novas eleccións voten libremente para que non rexurda nunca o derrocado caciquismo. Outras veces é o alcalde o que fai profesión de fe anticaciquil. En Baiona, por exemplo, o novo presidente da corporación é un tenente coronel, o señor Barreiro, quen lembra a seu pai que ocupou a mesma cadeira ca el e foi arroxado do posto por combater o caciquismo. Con todo, os temores persisten. O domingo 24 de

febreiro, case un mes despois de ser electo, o alcalde de Ponteareas publica un bando destinado a descualificar murmuracións de que a marcha do delegado gubernativo, o señor Cuervo, se deba a influencias caciquís.

Nos concellos de menor tamaño a renovación das corporacións non resulta doada, toda vez que a meirande parte dos interesados nos asuntos políticos, posuidores ademais dunha cultura que os capacite para exercer funcións de goberno, forman parte da clase política tradicional. O réxime de Primo encontrará nas organizadas e activas colectividade agrarias a saída ao seu dilema. Así, non son de estrañar casos coma o de Nigrán, onde o delegado gubernativo, Gil de Arévalo, manifesta un grande ímpeto agrarista. Ben logo de nomear os novos concelleiros, Gil de Arévalo expresa a súa satisfacción por encontrarse entre os agrarios, os que cualifica de “incorruptíbeis que han salvar á patria”. “Eu síntome un agrario máis –di tamén– e desexo que o agrarismo se estenda, implantando cooperativas, mutualidades agropecuarias, centros de ensino, etc.”. Un caso particular darase no concello de Lavadores. O delegado reconece que neste municipio “se facían as eleccións sen artificios nin ficións, que eran puras e reais”. Nesas eleccións trunfaban os agrarios. “Quixen respectar –di Gil de Arévalo– a vontade do Pobo, elevando a maioría agraria ao Concello; pero acompañados de persoas que pola súa preparación, cultura e moralidade poidan coadjuvar ó labor importante que habedes de seguro realizar”.

Entre os agrarios conviven diversas tendencias. En Ponteareas dominan os “neutros”, é dicir os non integrados en federacións católicas ou socialistas. Co golpe de Estado séntense alborozados, ao entender que por fin se poderá extirpar o caciquismo bugallalista, até ese momento abafante. Os agrarios apoian o comandante Miguel Cuervo na destitución e persecución dos bugallalistas, ao tempo que entran a formar parte do goberno municipal¹⁷.

A situación foi graficamente descrita por Risco: “Nas aldeas e nas vilas menos importantes, os gobernadores, aconsellados polos adherentes da Ditadura, organizaron os concellos, polo xeral a base dos elementos descontentos (...) e que a xente acostuma designar co nome de *os outros*. Estes, en moitos casos, foron os agrarios, que, cos seus xefes ao fronte, pasáronse case en masa ao novo réxime. De seren *os outros* pasaron a seren *os novos*”¹⁸.



A praza de Colón a comezos da década de 1930, Vigo.

En 1930, xa desenganados, moitos dirixentes agrarios recoñecían o seu fracaso. O presidente da Sociedade Agraria de Areas, Gómez y Martínez, lembraba en ton autoxustificatorio o entreguismo dos agrarios a Primo de Rivera. “O ilustre xeneral Primo de Rivera alzouse en armas, enarborando a bandeira da xustiza e lanzando un programa social tan amplo que todos os españois recibimos cun inmenso xúbilo, por crer de boa fe que iamos entrar nun período de renovación e de progreso, exterminando a praga de caciques e vellos políticos que a porfía se enriquecían, cadaquén máis, e trataban de aniquilar o avance cultural e democrático da nova España, da España que aínda xeme baixo o peso dun finxida ditadura. O ditador tiña ao seu carón, daquela, todos os bos e honrados cidadáns, a opinión sabia do país estaba con el, isto é innegábel”¹⁹.

O CASO DE VIGO: CRISE DOS PARTIDOS DINÁSTICOS E NACEMENTO DA LIGA DE DEFENSORES

Se o réxime establecido en setembro de 1923 rompeu coa representación tradicional na Deputación de Pontevedra, pero sen chegar a atraer o novo

sistema ós sectores económicos e industriais emerxentes, e se nos concellos da provincia a Ditadura desprazou o caciquismo para substituílo, en boa medida, por representantes do asociacionismo agrarista, á custa de anestesiar este movemento²⁰, as características do cambio político na cidade máis poboada da provincia, Vigo, mostran que o período de goberno de Primo de Rivera foi, sobre todo inicialmente, e malia o seu autoritarismo, un gran motor de debate social. Vigo sería mesmo o exemplo de que existía unha sociedade politicamente viva á que abondaba liberar das restricións que supoñía o caciquismo para que xurdira espontaneamente e enchese de contido as institucións, tal e como pretendía a propaganda oficial.

Entre 1915 e 1920 Vigo e o conxunto das Rías Baixas convertéronse na fronte pioneira galega do capitalismo industrial, representado fundamentalmente pola pesca e a conserva²¹. Politicamente, o distrito está representado nas Cortes, durante corenta anos seguidos, por Ángel Urzáiz, liberal que en 1907 pasa ás fileiras conservadoras²². Na política local os urzaístas ocupan a maioría dos postos (Cámara de Comercio, Concello, Xunta do

Porto, etc.). Bernardo Bernárdez, un dos principais cronistas do período, acusa a estes políticos de careceren de ideario e de non obter ningún beneficio para o distrito, así como de manterse no poder grazas a un “coidadoso manexo dos censos”. “Non é polo tanto de estranar –afirma Bernárdez– que nos derradeiros meses de 1921 a situación política viguesa, sostida impenitentemente por eses señores, se atopase nun período de lamentábel descomposición”. O mesmo autor sinalará que, até a chegada da ditadura, “a cidade vai quedando atrasada” e cualifica o sistema político local de “paralítico viguismo”²³.

O 2 de xaneiro de 1922 constitúese a Liga de Defensores de Vigo, da que forman parte persoas dun amplo abano ideolóxico, unidas pola angueira de defender os intereses locais. No seu ideario “pragmático”, antes que “político”, figura a reivindicación de investimentos no porto, a comunicación directa con Madrid por estrada e ferrocarril e o aumento dos centros de ensino público. Preside o colectivo Adolfo Gregorio Espino, antigo maurista. Xunto a el encóntranse coñecidos representantes da burguesía ilustrada da cidade, coma o arquitecto galeguista Gómez Román, Amador Montenegro, Amado Garra, o avogado e conserveiro Curbera ou o xa citado Bernardo Bernárdez. A Liga chega a convocar numerosos mitins públicos ese mesmo ano e incluso algunha manifestación. Nas eleccións municipais do 5 de febreiro a Liga presenta candidatos propios que obteñen bos resultados, pero non conseguen desprazar da alcaldía a antiga clase política urzaísta. Liguistas e socialistas exercerán entón un forte labor de fiscalización do goberno municipal, creando o ambiente propicio para que a chegada de Primo –e das novas corporacións– ao poder sexa amplamente aceptada na cidade²⁴.

Pero non só a Liga fai presentes constantemente as súas queixas. O 16 de outubro constitúese unha chamada Xunta de Defensa para protestar pola escasa cantidade outorgada a Vigo polo goberno no reparto aos portos. Son, neste caso, as forzas máis tradicionais do municipio (Cámara de Comercio, Cámara da Propiedade, etc.) as que encabezan a reivindicación. Finalmente, logran, a través de Urzáiz, que o goberno eleve considerabelmente a cantidade destinada ao porto de Vigo. A Liga aproveita para poñer de manifesto o abandono da cidade e a incompetencia dos seus actuais representantes.

O 23 de febreiro de 1923 a prensa de Madrid anuncia a pronta realización dunha campaña militar en Alhucemas. O Círculo Mercantil de Vigo, controlado polos liguistas, envíalle ao presidente do Consello de Ministros un telegrama de desconfianza, no que indica que tal campaña “agrava situación precaria facenda pública e fundiría na miseria á clase media, abafada por inconcebíbeis carestías ocasionadas por crecentes impostos e elevadísimos aranceis”²⁵.

Por fin, o 28 de abril celébranse as derradeiras eleccións a Cortes da monarquía constitucional. Urzáiz fora nomeado senador polo Rei poucas semanas antes. Para substituílo preséntase como candidato polo distrito o ministro de Fomento Rafael Gasset. A Liga presenta tamén un aspirante, o seu presidente, Gregorio Espino, e envíalle unha carta ao presidente do Consello de Ministros e xefe do Partido Demócrata, García Prieto, para pedirlle “neutralidade” do goberno nas eleccións, ao tempo que critica a súa “inoportuna intervención” a prol de Gasset. Espino cae derrotado con 2.223 votos, fronte aos 5.474 do ministro de Fomento. As presións caciquís serán lamentadas polos liguistas, moitos dos cales, caso de Espino e Bernárdez, se consideran monárquicos. Co tempo xulgarán que a actitude corrupta da monarquía constitucional foi unha das causas do triunfo republicano o 12 de abril de 1931. Polo momento, estes feitos supoñen para eles a necesidade de situarse claramente en contra dun réxime que vive os seus derradeiros días. Ao mesmo tempo, o desinterese de Gasset por Vigo, o seu distrito, ao que nunca se refire no seu periódico *El Imparcial*, marca unha pegada negativa nas forzas dinásticas que o apoiaran. A política “cunreira” de Gasset deixa os seus defensores, coma o conservador *Faro de Vigo*, sen armas con que opoñerse á propaganda liguista que nesa altura xa conta con varios medios de expresión, entre eles un semanario e un diario²⁶.

A DITADURA APÓIASE NA LIGA

Bernardo Bernárdez comenta cómo se recibe en Vigo o golpe de Primo, que tivo lugar o 13 de setembro: “Os caciques tradicionais cos seus subalternos e agregados, con espanto, igual que en toda España. Todos os demais cidadáns; políticos ou non políticos; neutros ou militares; clericais ou ateos; todos con entusiasmo e notoria alegría”²⁷. Primo de Rivera evitou incluír a Urzáiz na nómina de políticos corruptos e o diario *Galicía* des-

pediuno no seu pasamento co apelativo de “austero”, unha cortesía que non impediu que os opositores ao urzaísmo local, os homes da Liga, copasen a corporación primorriverista, despois da etapa provisoria dos vogais asociados. O 5 de decembro de 1923 era nomeado alcalde polo gobernador da provincia, Adolfo Gregorio Espino, avogado, presidente da Liga de Defensores e paladín do rexurdimento agrario. Espino permanecería á fronte da corporación durante tres anos. Como tenentes de alcalde foron designados, entre outros, Gómez Román, Bernardo Bernárdez, o agrarista Amado Garra, o líder socialista local Heraclio Botana e Eugenio Fadrique, importante industrial que en tempos de Berenguer había de presidir a Cámara de Comercio. A pluralidade de sectores sociais era patente, tanto como que o espírito que unía os novos ocupantes do consistorio era a ruptura coas anteriores corporacións e o desexo de se lexitimar a través dos feitos. Detrás deste grupo de novos rectores latexaba unha forte ilusión por rectificar vellas corruptelas, poñer ao día as mancadas contas da facenda municipal e emprender grandes e necesarias obras tan axiña como fose posíbel. A corporación Espino solicitou mans libres para gobernar Vigo coas súas propias ideas e a Ditadura non dubidou en aceptar²⁸. A Liga, era evidente, representaba á perfección o espírito da Ditadura, na súa primeira etapa. É doado, por exemplo, atopar nas palabras dalgúns dos seus homes, caso de Bernardo Bernárdez, a “visión rexeneracionista inxenua desde a que se formulaba a revitalización das institucións políticas”, tal como define Gómez-Navarro o período que vai de setembro de 1923 a abril de 1924²⁹.

Unha das primeiras accións do goberno no ámbito local será a de prender a varios funcionarios municipais acusados de corrupción³⁰. Isto sérvelle para dar proba de que cumpre as promesas de rectitude que xustificaran a súa toma do poder. O feito inqueda a algunhas poderosas familias, pero non ás forzas vivas tradicionais no seu conxunto, se cadra porque a maioría agarda recuperar de contado a dirección do municipio. Polo momento, o goberno, a través dos máximos mandatarios provinciais, mantense a distancia da dirección do concello, confiando en que a pluralidade coa que foi escollida a corporación e a súa manifesta independencia fará recaer tamén sobre ela a responsabilidade de calquera erro, quedando o Estado á

marxe de toda polémica e con posibilidades plenas de actuar como árbitro e manter así o seu prestixio.

A práctica do goberno, ou cando menos do delegado gubernativo, o tenente coronel Carlos Gil de Arévalo, comeza a modificarse ao ano seguinte. Algúns liguistas consideran a súa nova actitude como un entremetemento na vida municipal que contradí as anteriores promesas de autonomía. Gil de Arévalo reúnese cos médicos, pon multas nos mercados... e, o que resulta máis sintomático, comeza a recibir incenso do principal periódico local, *Faro de Vigo*, que sempre estivera de parte dos intereses caciquís. *Faro*, que se nutre fundamentalmente da publicidade que lle fornecen as consignatarias que trasladan a América aos emigrantes³¹, observa que o goberno liguista conta co apoio da burguesía máis anovadora e sobre todo coa protección do novo goberno de Primo, polo que a súa actitude non é, polo de agora, de confrontación coa alcaldía, senón de silencio e de irse gañando os delegados, como Gil de Arévalo.

O 27 de marzo o delegado gubernativo afirma, de modo ben expresivo, que se sente moi compenetrado coa actual corporación e moi satisfeito da súa actuación, até o extremo de que tendo nas súas mans o poder de substituíla non o facía. Algúns liguistas poñen de manifesto xa a súa negativa a mostrarse servís coa Ditadura. En xullo o antigo urzaísta, Francisco Lago, presidente da Cámara da Propiedade, e Tomás Mirambell, presidente da Cámara de Comercio, fan públicas as súas primeiras críticas á corporación. O ambiente que transmite a prensa conservadora é de provisoriedade. Os actuais rexedores van durar pouco, escóitase dicir. O 28 de outubro *Faro* informa de que Gil de Arévalo decidiu destituír a corporación e substituíla por elementos máis próximos ao poder tradicional. A Cámara de Comercio e a da Propiedade felicítanse pola noticia. O periódico incluso tenta organizar, pola súa conta, unha homenaxe ao delegado gubernativo, pero é un paso en falso porque o gobernador ordena deseguida que queden sen efecto as destitucións e Gil de Arévalo é deposto do seu cargo. Non hai dúbida de que se estaba a cumprir a primeira das consecuencias da política ditatorial: a competencia entre as elites, froito da eliminación da primacía dos partidos dinásticos, tal como sinalou Gómez-Navarro³².

FINAL DO IDILIO E DO REXENERACIONISMO

A comezos de 1925 o goberno proponlles aos municipios que nomeen alcalde honorario ao Rei Alfonso. Na maioría deles a decisión convértese nun puro trámite, pero en Vigo resulta polémica. Ao final acéptase a proposta por 16 votos a favor e catro en contra, dun total de 35 concelleiros. O gobernador civil non oculta o seu disgusto e chégase a falar da existencia de elementos republicanos infiltrados no Concello. O alcalde trata de capear o temporal como pode, pero dentro da propia Liga de Defensores saen á luz as primeiras desavinzas: a directiva pide a demisión de Espino e dos tenentes de alcalde Gómez Román e Viana. Deica ese momento o sistema tolerara a Liga, amparándoa dos ataques da vella dereita caciquil, acubillada na Cámara de Comercio, Obras do Porto e Cámara da Propiedade, pero as divisións dentro da propia Liga marcarán o comezo da súa fin. Na Liga mandan agora os elementos republicanos e de esquerdas que preconizan unha política de maior enfrontamento e de menos contemporización. Espino e os seus homes de confianza seguen a defender o pragmatismo, as obras boas para Vigo por riba de divisorias dereita-esquerda, pero non cabe dúbida de que como representantes da Liga, ao faltarlle o apoio da súa directiva quedaban sen ningunha fonte de lexitimidade³³.

Ese mesmo ano os dous principais medios de expresión da Liga sofren a acometida do réxime. O diario *Galicia* cerra por orde gobernativa e o semanario *La Garra* padece reiterados secuestros, denuncias e arrestos de redactores. Pola súa parte, *El Pueblo Gallego*, o outro rotativo proclive á corporación, inclúe en todas as súas primeiras páxinas a frase: visado pola censura.

O desencontro entre a Liga e o Réxime pode ser visto desde a perspectiva de ambas partes. Para a primeira, o Réxime non inviste o prometido na cidade, o que desestabiliza unha corporación que tiña como divisa o pragmatismo, a superación de certos atrasos históricos e mesmo a elaboración de grandes proxectos. Para o goberno a autonomía dos liguistas e a súa negativa a formaren parte da Unión Patriótica constitúe un problema a cada un máis grave. Sen investimentos e sen mutuo apoio político non hai nada que una as dúas partes, o que, de paso sexa dito, é malo para as dúas, porque ningunha delas logra lexitimación nin estabilidade para sosterse moito tempo.

“Agardábase da ditadura de Primo de Rivera –di Xosé M. Souto– o apoio estatal ás aspiracións viguesas (un gran porto, feira da pesca, comunicacións directas con Madrid por ferrocarril e estrada). A Liga de Defensores de Vigo, a través do alcalde Gregorio Espino (1923-1927), representa en principio estes intereses, que se concretan no proxecto de cidade, na construción de Casas Económicas, co amparo financeiro da Caixa de Aforros. Con todo axiña agroman outros intereses, representados pola Unión de Entidades Viguesas ou, no terreo estritamente de poder municipal, a Unión Patriótica, que critican a orientación inmobiliaria da Caixa de Aforros e o emprazamento do gran porto pesqueiro”³⁴.

Durante meses tanto o gobernador civil de Pontevedra, Rodríguez Gómez, coma o presidente da Deputación, Daniel de la Sota, fixeron oídos xordos á proposta duns cantos vigueses de constituír na cidade a Unión Patriótica, toda vez que coñecían a negativa dos liguistas a incorporarse e a nada sobrada capacidade política e de xestión dos militantes voluntarios. Por fin, o 26 de setembro de 1926 constituíase en Vigo o comité de UP. A tensión a tres bandas, entre o presidente da Unión Patriótica provincial, de la Sota, os *upetistas* de Vigo, e a corporación de Espino mantívose algún tempo. Pero, máis tarde, as presións para que se recompuxese a corporación acentuáronse, as murmuracións tamén foron en aumento, até que o 5 de decembro de 1926 o alcalde Gregorio Espino presentou a súa demisión. Substituíno no cargo Mauro Alonso Cuenca, empresario conserveiro que fora vicepresidente da Cámara de Comercio e tamén liguista. A composición da nova corporación era un intento de contentar a todos: liguistas coma Mauro Alonso, afiliados á UP e vellos coñecidos do sistema caciquil, coma o consignatario Estanislao Durán. Tamén permanecía o socialista Heraclio Botana.

A UP local non quedou conforme co seu papel e seguiu a conspirar contra a corporación, esta vez contra Mauro Alonso. Nas viaxes a Madrid dos representantes municipais para resolver vellos problemas aínda pendentes, a UP non era convocada. Á súa vez, os seus líderes viaxaban en ocasións á capital para solicitar apoio de Martínez Anido ou dalgún ministro.

Por fin, o 2 de xuño de 1927 constitúese a Unión de Entidades Viguesas, da que forman parte a maioría das sociedades da cidade, menos a Liga de Defensores. O seu obxectivo é resolver os grandes

problemas que Vigo ten formulados: ferrocarril, porto e depósito franco, pesca e industrias derivadas, sanidade e urbanismo, etc. Soa a música xa coñecida. É obvio que as súas metas son as mesmas que as da Liga e tamén as mesmas do propio concello. De feito, o alcalde, con motivo da fundación da citada Unión dá a coñecer un escrito no que di, con certo ton de lamento, que: “Pola alcaldía non se abandona a defensa de todos os problemas que afectan a Vigo, aínda que non sempre se dea publicidade a esta labor”³⁵. Está claro que os problemas persisten e son de magnitude, posto que provocan tan alto grao de mobilización local, pero tamén está claro que dista de haber acordo político entre os distintos representantes da burguesía e da sociedade en xeral para exercer as súas reivindicacións. A Unión de Entidades dálle a estocada final á Liga, que xa se encontraba debilitada e dividida, pero a súa propia vida foi efémera. Comezou con forza, pero sen contar nunca coa vontade e coherencia dos primeiros tempos da Liga de Defensores e ao pouco tempo diluíuse, como adoitaba suceder con esta caste de organismos. Quedou, iso si, á fronte dela un coñecido membro da UP, Manuel San Román, que fora maurista e que a utilizou como plataforma, xa que o partido do goberno non lle servira para converterse serodiamente en alcalde, en concreto en abril de 1930.

Cando a súa Maxestade convocou a Asemblea Nacional, a provincia de Pontevedra elixiu como representante dos municipios o alcalde da Guarda, Manuel Álvarez Vicente. A Deputación escolleu a Daniel Fraga Aguiar, vicepresidente desta e Vigo quedou fóra. Nin os Liguistas, nin a dereita tradicional, representada pola Unión de Entidades e sobre todo pola Cámara de Comercio e o seu influente presidente Tomás Mirambell, nin a difusa UP, conseguían que Vigo colmase as súas aspiracións. As táboas reivindicativas renovábanse, sufrían novos engadidos, xurdían ideas brillantes que entusiasmaban á prensa durante algúns meses e despois todo volvía a ficar como estaba. O último exemplo foi a Exposición Mundial da Pesca que Primo frustrou cando parecía conseguida. A súa obra principal na comarca foi o matadoiro do Porriño que si chegou a inaugurarse.

CONCLUSIÓN

Polo seu dinamismo social e económico, consecuencia do forte desenvolvemento vivido nos primeiros vinte anos do século, Vigo é, en Galicia, o

mellor exemplo do papel interpretado pola Ditadura de Primo de Rivera. Da parálise política da Restauración, só rota a partir de 1921, coa crise xeral do sistema, a creación de entidades coma a Liga de Defensores e o xurdimento de fortes polémicas cidadás, a cidade pasou, a partir da toma do poder por parte dos militares, a unha etapa de ilusionada rexeneración, e de aí á competencia entre elites, e á mobilización social.

A falta de correlato entre esta efervescencia e o poder político, posta moi ben de manifesto pola negativa da corporación liguista a integrarse no partido gobernamental, frustrou as saídas ás arelas cidadás. A UP ademais non chegou a asentarse no distrito nin a afiliar a elementos socialmente relevantes. Deste modo a sociedade viguesa, cada vez mellor estruturada, carecía de máis fórmulas de expresión que a creación de comisións para acudir a Madrid a visitar os ministros. Á súa vez, a censura actuaba con dureza sobre os medios de expresión alleos ao réxime, por máis que non fosen frontalmente contra el e tivesen aceptado na súa maior parte os estritos límites deste. A frustración viuse acentuada pola falta de solución aos graves problemas estruturais dunha cidade que crecera en industria e que cuadruplicara a súa poboación, pero que seguía contando para o Estado pouco máis que a pequena vila que fora corenta anos antes.

NOTAS

1. X. R. BARREIRO FERNÁNDEZ. *Historia Contemporánea Política. Siglo XX*. Ed. Hércules. 1991. Vol. VIII. Páx. 221-222.
2. M. CABO VILLAVERDE. *O agrarismo*. Ed. A Nosa Terra. Vigo. 1998. Páx. 151. O esquecemento é tan xeneralizado que unha das historias de Galicia máis difundidas dos últimos anos, a editada por *Faro de Vigo* en 1991, non lle dedica atención ningunha, nin sequera marxinal, ao período da ditadura.
3. Existen varios estudos parciais a este respecto (Barreiro, Carmona), a maior parte coincidentes. Para coñecer o movemento agrarista nesta época o mellor traballo quizais sexa o de Miguel Cabo, mencionado na nota anterior, en concreto a súa cuarta parte.
4. Vicente RISCO. *O problema político de Galiza*. Ed. Set. 1976. Páxs. 137-138. 1ª Edición de 1930.
5. X. R. BARREIRO FERNÁNDEZ. *Historia Contemporánea Política...* Páxs. 232-233.
6. O nacionalismo, na etapa da Ditadura, é un movemento relativamente ben estudado, sobre todo se se compara coa escaseza de investigacións, xa sinalada, noutros ámbitos. Pódense consultar, por seren os máis actualizados, o estudo introdutorio de Alberto Romasanta á obra *Escritos Políticos* de Víctor Casas. Ed. A Nosa Terra. Vigo. 1996, ou a parte correspondente da *Historia do nacionalismo*, de Justo G. Beramendi e Núñez Seixas. Ed. A Nosa Terra. 1995. Tamén X. R. Barreiro posúe estudos bastante detallados sobre este tema.
7. Pablo TABOADA MOURE. *Las élites y el poder político. Elecciones Provinciales en Pontevedra (1836-1923)*. Ed. Deputación de Pontevedra. 1987. Páx. 85.
8. *Ibidem*.
9. *Ibidem*.
10. Taboada Moure apunta o caso do veterano deputado Prudencio Otero que nos mesmos comicios é considerado liberal nalgunhas zonas e conservador noutras, aínda que a maioría dos seus electores, ante a confusión, opta polo branco.
11. Para observar os cambios pódese ver o cotexo realizado por Taboada Moure na obra mencionada.
12. TABOADA MOURE. *Las élites...* Páx. 110.
13. J. L. GÓMEZ NAVARRO. *El Régimen de Primo de Rivera*. Ed. Cátedra. Madrid. 1991. Páx. 500.
14. TABOADA MOURE. *Las élites...* Páx. 113.
15. *Ibidem*.
16. *El Pueblo Gallego*. 27 e 29 de xaneiro de 1924. Este diario comenza a publicarse precisamente na primeira das datas mencionadas. As demais referencias á renovación de corporacións noutras localidades da provincia foron tomadas desta mesma fonte.
17. H. HERVÉS SAYAR. *Agrarismo e societarismo campesiño no val do Tea (1900-1936)*. Santiago. 1991. Citado por X. R. Barreiro. *Historia Contemporánea Política...* Páx. 213.
18. Vicente RISCO. *O problema político de...* Páx. 121.
19. H. HERVÉS SAYAR. *Agrarismo e...* Páx. 102.
20. "O agrarismo galego chega a 1930 máis dividido que nunca, e ademais o Decreto de Redención Foral de 1926 privarao dun dos principais argumentos mobilizadores". Miguel CABO VILLAVERDE. *O agrarismo...* Páx. 173.
21. O número de fábricas de conservas en Galicia, segundo Xan Carmona, pasa de seis en 1882 a oitenta e dúas en 1905, e a maioría localízase nas Rías Baixas. Nos anos 80 chega tamén o ferrocarril. O crecemento da poboación queda ben claro nas cifras do censo: se en 1877 Vigo apenas superaba os 13 mil habitantes, en canto que a capital da provincia rondaba os vinte mil, en 1910 Pontevedra alcanzara os 24 mil cidadáns, mentres que Vigo chegaba aos 41 mil, ben é certo que coa anexión dalgún municipio limítrofe. Entre 1880 e 1925 aumentan de forma notábel as sociedades mercantís. Por outra parte, o porto de Vigo absorbe máis do 20% das saídas de emigrantes en dirección a América do total de España, o que provoca o florecemento das compañías consignatarias e de transporte marítimo. Datos tomados de Xosé M. SOUTO. *Vigo, cen anos de historia urbana (1880-1980)*. Xerais. Vigo. 1990 e Xosé A. LÓPEZ TABOADA. *Economía e población en Galicia*. Ed. Do Ruego. A Coruña. 1979.
22. Ángel Urzáiz gañou a súa primeira acta polo distrito nas eleccións de 1881, enfrontándose ao conservador Elduayen, e abandonou o seu posto ao ser designado senador polo Rei en 1923. Na etapa final da súa carreira política, en 1922, e ante as protestas que comezan a acentuarse contra el en Vigo, o escritor Wenceslao Fernández Flórez publica, no diario *ABC*, un artigo parodiándoo, ao tempo que o cualifica de "cunheiro".
23. Bernardo Bernárdez Romero é o primeiro secretario do Comité Maurista da cidade que se constitúe en 1918, posteriormente evoluciona a posturas rexionalistas moderadas. Formou parte da primeira corporación primorriverista e estivo vinculado durante toda a súa vida ao influente Círculo Mercantil, do que foi presidente en varias ocasións. Bernárdez é autor da obra, en dous volumes, *Tratado de Vigüismo o resumen histórico comentado de los diez últimos años de la monarquía española en Vigo (1921 a 1931)*. Vigo. 1932.
24. No transcurso do ano prodúcense numerosos incidentes, froito da tensión no concello. O 16 de xuño é apedreado o automóbil do alcalde, feito que dá lugar a varias detencións. O deputado Portela Valladares critica en Madrid a actitude ditatorial do presi-

dente da corporación. Os enfrontamentos físicos chegan a producirse dentro do propio concello. A garda municipal intervéñen en varios incidentes en agosto, setembro e outubro. O alcalde, Ricardo Senra, falece de morte natural o 19 de novembro, quince días despois do maior escándalo no consistorio. Por se fose pouco, a finais de novembro a garda civil dispara sobre os labregos que se opoñían ao cobro dos foros na localidade próxima de Sobreiro, causando varios mortos. O 5 de decembro o comercio de Vigo pecha en sinal de solidariedade cos agricultores. O relato destes acontecementos pode seguirse a través da extensa crónica de Bernárdez.

25. Bernardo BERNÁRDEZ. *Tratado de...* Páx. 182. Vol. I.

26. Trátase do semanario *La Garra* e do diario *Galicia*, dirixido polo avogado galeguista Alfonso Paz Andrade e que tivo dous anos de vida. Ver: José María Álvarez Blázquez. *La ciudad y los días*. Vigo. 1960. Páx. 37. Nos seus inicios, a Liga tamén foi apoiada polo veterano diario liberal vespertino *La Concordia*, que deixou de editarse en 1924.

27. Bernardo BERNÁRDEZ. *Tratado de...* Páx. 226. Vol. I.

28. Houbo "entrevistas previas, nas que se recabou para os homes desta agrupación política unha ampla liberdade de acción así como un respecto ben explícito aos seus ideais. Liberdade e respecto que foron debidamente asegurados pola autoridade provincial, despois de consultado o caso telefonicamente co señor Martínez Anido". Bernardo Bernárdez. *Tratado de...* Páx. 234. Vol. I.

29. J. L. GÓMEZ-NAVARRO. El régimen de... Páx. 507. É interesante, con todo, realizar o contraste entre o establecemento da Ditadura na corporación de Vigo e na da Coruña. Nesta última cidade a autoridade militar resulta máis arrogante e tamén máis patente o autoritarismo do novo réxime, se cadra por non existir alí unha entidade xa organizada como a Liga de Defensores de Vigo que lle servise de estribeira ao novo sistema. Ver, neste sentido, Luis A. GIADÁS. *La vida política municipal en La Coruña entre 1900 y 1931*. Ed. Do Castro. Sada. 1997.

30. *Faro de Vigo*. 8 de novembro de 1923. Sobre os casos de corrupción municipal hai artigos do concelleiro de Facenda pri-

morriverista, Viana, en *El Pueblo Gallego* de 28 e 30 de xuño e 1,2,3 e 4 de xullo de 1925.

31. Ver: Gustavo LUCA DE TENA. *Noticias de América. O relato da grande emigración americana na prensa da Galicia e de ultramar*. Ed. Nigra. Vigo. 1993.

32. Gómez-Navarro tamén apunta o ascenso de novas elites e a intervención dos gobernadores civís para resolver finalmente os enfrontamentos. Todo iso cúmprese en Vigo neste período.

33. Os enfrontamentos deben ser vistos tamén desde a perspectiva da crise económica que afecta por exemplo ao Banco de Vigo que creba en 1925, o que, segundo Xosé M. Souto, vén supoñer "o inicio do declive da burguesía viguesa como grupo autónomo". A panorámica económica destes anos foi perfectamente descrita por Xan Carmona: "A importancia da crise financeira de 1921 en Galicia foi grande, xa que significou non só a liquidación de toda unha serie de pequenas navieiras e aseguradoras, que eliminou a posibilidade de integración vertical entre construción naval non pesqueira e empresas de navegación, senón tamén porque debilitou a base financeira dos industriais vigueses provocando, finalmente, o definitivo desprazamento da capitalidade financeira de Galicia á Coruña". Xan Carmona. *La economía del siglo XX. Una panorámica*. Papeles de Economía Española. Nº 16. Páx. 6. 1996.

34. Xosé M. SOUTO. *Vigo, cen anos de...* Páx. 38.

35. Para coñecer o punto de vista da Cámara de Comercio, principal impulsora da Unión de Entidades, ver *Cien años de interés por Vigo. Cámara Oficial de Comercio, Industria y Navegación (1886-1986)*. Gerardo González Martín. Ed. Fundación Barrié, Caixa Vigo e Caixa Galicia. Vigo. 1986. Cap. 11. Alí pódese ler esta significativa frase: "probabelmente en ningún período da vida viguesa foi máis clara a rectoría da Cámara de Comercio como durante a segunda parte daquela etapa histórica que foi a Ditadura do Xeneral Primo de Rivera". É ilustrativa abondo de cómo cambiaran as tornas e o antigo caciquismo volvera ao poder municipal.

